ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

| **Coordinación STEMbach na Facultade/Escola UVigo:** | |
|---|---|
| Nome: Xanel Vecino Bello | |
| Enderezo electrónico: xanel.vecino@uvigo.es | Teléfono: |
| **Dirección do proxecto Uvigo:** | |
| Nome: Andrés Suárez García | |
| Enderezo electrónico: andsuarez@uvigo.es | Teléfono: |
| **Co-dirección do proxecto UVigo:** | |
| Nome: José Antonio González Nóvoa | |
| Enderezo electrónico: joseantonio.gonzalez.novoa@uvigo.gal | Teléfono: |
| Nome: Fernando Eiras Abalde | |
| Enderezo electrónico: Fernando.eiras.abalde@sergas.es | Teléfono: |
| **Bienio** | **2026-2028** |
| **Número de participantes (máx. 4)** | **4** |

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

**Título**

**MoveUCI: sistema intelixente para a prevención do inmobilismo en pacientes de UCI**

**Resumo**

A inmobilidade prolongada en pacientes ingresados en unidades de coidados intensivos pode provocar debilidade muscular adquirida na UCI, aparición de úlceras por presión e prolongación dos tempos de recuperación. A mobilización temperá constitúe unha das principais estratexias para reducir estas complicacións, pero require unha monitorización continua dos períodos de inmobilidade.

**Obxectivo**

Deseñar e construír un sistema portátil capaz de detectar períodos prolongados de inmobilidade en pacientes de UCI e facilitar a planificación das mobilizacións periódicas. O alumnado adquirirá coñecementos en electrónica, programación, análise de datos e tecnoloxías biomédicas, traballando sobre un problema sanitario real de grande impacto social.

**Plan de traballo**

1. Estudo do problema clínico
2. Deseño do sistema
3. Desenvolvemento do prototipo
4. Experimentación con paciente simulado
5. Avaliación
6. Elaboración da memoria e presentación Divulgación dos resultados